



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS DE DÚAS LIMPADORAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, PERSOAL LABORAL FIXO DESCONTINUO A TEMPO PARCIAL (2025/X998/000022)

EXPEDIENTE: 2025/G003/000843

ANTECEDENTES:

-Resolución de Alcaldía núm. 49/2024 do 19-01-2024, rectificada pola resolución núm. 64/2024 do 25-01-2024, na que se lle concede a D^a Melania M^a Pérez Cancela, limpadora fixa-descontinua a tempo parcial, cunha xornada de 10 horas semanais, unha excedencia voluntaria polo período de dous anos, cos efectos iniciais do 01-02-2024 e data de remate do 31-01-2026.

-Resolución de Alcaldía núm.103/2024 do 08-02-2024, pola que se acorda a contratación da candidata nº 2 da bolsa de limpadores de instalacións municipais fixos descontinuos a tempo parcial, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13-06-2023, D^a Andrea Suárez Castro, en substitución de D^a Melania Pérez Cancela, ata a incorporación da dita traballadora.

-Escrito de data 28-06-2025 (R.E. 202599900001051) presentado pola limpadora M^a Josefa Varela Arán, a cal prestaba parte do seu servizo no CEIP As Forcadas de Corme, comunicando o seu pase á situación de xubilación con data do 18-07-2025.

-Escrito de data 07-08-2025 presentado por D^a Andrea Suárez Castro, con R.E. núm. 202500000001030, no que comunica a súa baixa voluntaria ao posto de traballo de limpadora fixa-descontinua.

-Informe de data 26-08-2025 e rexistro de entrada núm. 202500000001104 emitido polo coordinador de Obras e Servizos sobre as necesidades actuais de reforzo do persoal de limpeza en diversos centros escolares, entre os que se atopa o CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso e o CEIP As Forcadas de Corme.

-Providencia de Alcaldía de data 19-09-2025 na que se dispón o inicio dos trámites necesarios para cubrir 8 das 10 horas asignadas a D^a Melania Pérez Cancela para reforzar o servizo de limpeza do CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso en 5 horas á semana e do CEIP As Forcadas de Corme en 3 horas semanais, empregando para realizar os chamamentos a lista de aprobados de "Limpadoras de instalacións municipais fixas descontinuas a tempo parcial", resultante do proceso de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023, de 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023), actualizada pola resolución de Alcaldía núm. 167/2024, de data 28-02-2024, a cal está composta polas seguintes persoas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9 (Antigüidade na entidade convocante)	CUPO HORARIO E DESTINO
1	LEMA ROJO M ^a ISABEL	***3227**	100	01/09/2003	15 horas semanais / 3 h diarias Escola Unitaria de Pazos e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

					Xornes
2	SOUTO GARCIA MIRIA M ^a	***5555**	100	17/04/2006	30 h semanais CEIP Eduardo Pondal (4 h diarias) Escola Unitaria de Brantuas (2 h diarias)
3	PEREZ LEMA ROSA M ^a	**1422**	100	14/09/2006	35 h semanais / 7 h diarias CEIP Eduardo Pondal
4	CARABEL FERREIRO TERESA	***6367**	100	12/03/2008	32 horas semanais: Escola As Forcadas de Corme (5,20 h. diarias) Nave do GES (6 horas semanais)
5	PEREZ CANCELA MELANIA M ^a	***0813**	73	*En excedencia voluntaria ata o 31-01-2026	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tallo
6	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**		*Cubriu a vacante de Sandra Pérez Blanco, logo da súa renuncia	20 horas semanais: Escola Unitaria de Tella (2 h. diarias) Comedor escolar do CRA Nosa Señora do Faro (2 h diarias)

-Informe da funcionaria D^a. María José Sueiro Pose, de data 02-10-2025, sobre o resultado dos chamamentos realizados, o cal é do seguinte teor literal

“

*Tendo en conta os antecedentes expostos, procédese á realización dos chamamentos empregando a lista de aprobados de **LIMPADORAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS FIXOS DESCONTINUOS A TEMPO PARCIAL**, resultante do proceso de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023, de 31 de xullo de 2023, publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023, actualizada pola resolución de Alcaldía núm. 167/2024, de data 28-02-2024.*

Tendo en conta que a natureza do posto é limpadora de instalacións municipais, persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, as candidatas propostas non deberán sobrepasar a porcentaxe do 90% da xornada laboral, isto é 35 horas semanais, polo que non se efectúa chamamento a D^a Rosa M^a Pérez Lema por ter xa esta xornada.

Comézase en primeiro lugar a realizar os chamamentos para cubrir 5 horas á semana no CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso, obtendo o seguinte resultado:

- 1. ISABEL LEMA ROJO, con DNI ***3227**, renuncia ao chamamento mediante escrito presentado o 22-09-2025 (R.E.núm. 20250000001210)*
- 2. SOUTO GARCIA MIRIA M^a, con DNI ***5555**, acepta cubrir 5 horas á semana no CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso mediante escrito presentado o día 22-09-2025 (R.E. núm. 20250000001222)*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A continuación, procédese a realizar os chamamentos para cubrir 3 horas no CEIP As Forcadas de Corme, co seguinte resultado:

1. *TERESA CARABEL FERREIRO, con DNI núm. ***6367**, acepta realizar 3 horas no CEIP As Forcadas de Corme, a través de escrito presentado o 23-09-2025 (R.E. núm. 202500000001225)*

.....”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A necesidade que se pretende cubrir por medio da modificación dun contrato de traballo fixo discontinuo a tempo parcial ten o carácter de estrutural.

O artigo 12 do ET define o contrato a tempo parcial como aquel no que a súa prestación de servizos durante un número de horas ao día, semana ou ano, é inferior á xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.

A xornada de traballo máxima legal de carácter semanal é de 40 horas ou aquela que se estableza no convenio de aplicación, e deberase ter en conta que nesta Administración non existe convenio colectivo vixente, polo que legalmente a xornada a tempo parcial deberá ser inferior á máxima legal, polo que a candidata número 3 da vixente lista, Rosa M^a Pérez Lema, non é considerada porque a modificación do seu contrato co novo cupo horario a cubrir transformaría o seu contrato actual a tempo parcial en contrato a tempo completo.

A modificación do contrato da candidata número 2, Miria M^a Souto García, co novo cupo horario de 5 horas e o da candidata número 4, Teresa Carabel Ferreiro, co novo cupo horario de 3 horas quedarían cunha prestación total de 35 horas semanais, se ben a número 1, M^a Isabel Lema Rojo, non aceptou o chamamento.

O soldo a percibir polas traballadoras será proporcional á nova prestación semanal.

Logo de ver o informe sobre os chamamentos anteriormente transcrito, no que consta que as candidatas número 2, Miria M^a Souto García, aceptan cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 22-09-2025 (R.E. núm. 202500000001222) e a número 4, Teresa Carabel Ferreiro, mediante escrito presentado o 23-09-2025 (R.E. núm. 202500000001225).

Elevado o expediente á fiscalización previa da Intervención municipal, emítase informe favorable na data do 09-10-2025.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro: Modificar o contrato da limpadora de instalacións municipais, persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, no cupo horario de **5 horas semanais** para a limpeza do “CEIP Eduardo Pondal” de Ponteceso, totalizando así 35 horas semanais de prestación, de **MIRIA M^a SOUTO GARCIA**, con DNI *****5555****, a cal acepta cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 22-09-2025 (R.E. núm. 202500000001222), polo que as súas retribucións a



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

percibir serán proporcionais á nova xornada a prestar, na mesma categoría profesional, Grupo V, grupo de cotización 10, cunha retribución total bruta, incluída a parte proporcional da paga extraordinaria, polo importe mensual de 1.307,65 € e custe da Seguridade Social a cargo da empresa de 457,72 €.

Segundo: Modificar o contrato da limpadora de instalacións municipais, persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, no cupo horario de **3 horas semanais** para a limpeza do “CEIP As Forcadas” de Corme, totalizando así 35 horas semanais de prestación, de **TERESA CARABEL FERREIRO**, con DNI ***6367**, a cal acepta cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 23-09-2025 (R.E. núm. 202500000001225), polo que as súas retribucións a percibir serán proporcionais á nova xornada a prestar, na mesma categoría profesional, Grupo V, grupo de cotización 10, cunha retribución total bruta, incluída a parte proporcional da paga extraordinaria, polo importe mensual de 1.258,37 € e custe da Seguridade Social a cargo da empresa de 457,72 €.

Terceiro: Aprobar a modificación e actualización da lista de persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, na categoría de limpadoras de instalacións municipais, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023), que quedará da seguinte maneira:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9 (Antigüidade na entidade convocante)	CUPO HORARIO E DESTINO
1	LEMA ROJO M ^a ISABEL	***3227**	100	01/09/2003	15 horas semanais / 3 h diarias Escola Unitaria de Xornes
2	SOUTO GARCIA MIRIA M ^a	***5555**	100	17/04/2006	35 h semanais CEIP Eduardo Pondal (5 h diarias) Escola Unitaria de Brantuas (2 h diarias)
3	PEREZ LEMA ROSA M ^a	**1422**	100	14/09/2006	35 h semanais / 7 h diarias CEIP Eduardo Pondal
4	CARABEL FERREIRO TERESA	***6367**	100	12/03/2008	35 horas semanais: Escola As Forcadas de Corme (5,80 h. diarias) Nave do GES (6 h. semanais)
5	PEREZ CANCELA MELANIA M ^a	***0813**	73		*En excedencia voluntaria ata o 31-01-2026
6	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**			20 horas semanais: Escola Unitaria de Tella (2 h. diarias) Comedor escolar do CRA Nosa Señora do Faro (2 h diarias)

Cuarto: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>).

Quinto: Notificar esta resolución ás interesadas e dar traslado á Tesourería e Intervención municipais, aos efectos procedentes.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Sexto: Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. alcalde-presidente, D. José Manuel Mato Martínez, ante min, o secretario en acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

D. José Manuel Mato Martínez

O secretario acumulado

D. Francisco Javier Novoa Juiz